
Medievalismo en Extremadura

Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas
de la Edad Media

Jesús Cañas Murillo
Fco. Javier Grande Quejigo
José Roso Díaz (Eds.)

Medievalismo en Extremadura
Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas
de la Edad Media



Cáceres
2009

MEDIEVALISMO en Extremadura : Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas de la Edad Media / Jesús Cañas Murillo, Fco. Javier Grande Quejigo, José Roso Díaz (Eds.). — Cáceres : Universidad de Extremadura, Servicio de Publicaciones, 2009

XXII, 1310 pp. ; 17 × 24 cm.

ISBN 978-84-7723-879-9

1. Literatura medieval-historia y crítica. I. Cañas Murillo, Jesús (Ed.). II. Grande Quejigo, Javier (Ed.). III. Roso Díaz, José (Ed.). IV. Título. V. Universidad de Extremadura, Servicio de Publicaciones, ed.

82.09"04/15"

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra sólo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra.



© Jesús Cañas Murillo, Fco. Javier Grande Quejigo y José Roso Díaz, de la edición, 2009

© De los autores, 2009

© Universidad de Extremadura-Grupo "Barrantes Moñino", para esta 1.ª edición, 2009

Ilustraciones de cubierta: miniaturas de cancioneros del siglo XIII (Biblioteca Vaticana y Biblioteca Nacional de Francia) recogidas en el libro de Martín de Riquer, *Vidas y retratos de trovadores. Textos y miniaturas del siglo XIII*. Barcelona, Círculo de Lectores-Galaxia Gutenberg, 1995.

Edita:

Universidad de Extremadura. Servicio de Publicaciones

Plaza de Caldereros, 2. 10071 Cáceres (España)

Tel. (927) 257 041; Fax (927) 257 046

E-mail: publicac@unex.es

<http://www.unex.es/publicaciones>

I.S.B.N.: 978-84-7723-879-9

Depósito Legal: M-52.674-2009

Impreso en España - *Printed in Spain*

Impresión: Dosgraphic, s. l.

A ATRIBUCIÓN DA CANTIGA *SUER FERNANDIZ, SI VEJ'A PLAZER* (B 1613 / V1146)¹

Laura Tato Fontaiña
Universidade da Coruña

A cantiga obxecto de estudo deste relatorio, que no *Repertorio* de Jean Marie D'Heur figura co número 1624 e no de Giusepe Tavani co 48,3, está copiada no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B) na sección correspondente ás cantigas de escarño e maldizer, no reverso do folio 341, precedida da cantiga *Loavan un dia, en Lugo, Elvira* (B 1612), de Joan Romeu de Lugo, abrindo o pequeno cancionero de Fernan Rodriguez Redondo e seguida por *Don Pedro ést[e] cunhado d'el-Rei* (B1614/V1147). No Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V) a localización da cantiga é semellante, xa que tamén se acha na sección correspondente ás cantigas de escarño e maldicir, mais nel está atribuída ao trovador Rodrigo Eanes Redondo, precedida pola única cantiga de Joan Romeu (B 1612/V 1445), e seguida tamén por *Don Pedro ést[e] cunhado d'el-Rei* (B 1614/V 1147) que, neste Cancioneiro, inicia a produción de Fernan Rodriguez Redondo. En ambos os Cancioneiros esta última cantiga vai acompañada por unha glosa explicativa e precedendo a varios fragmentos doutra.

Os dous trovadores a quen se atribúe a cantiga en cuestión, Fernan Rodriguez Redondo e mais Rodrigo Eanes Redondo, son portugueses e forman parte da mesma liñaxe, pois Rodrigo Eanes era o pai de Fernan Rodriguez. A primeira documentación en que aparece citado Rodrigo Eanes está datada en Portugal, en 1232, e é unha escritura de venda do seu pai. A familia estivo moi comprometida na guerra civil de 1245-1248 a favor de Sancho II:

É provábel que outros membros desta linhagem tenham saído para Castela e aí se tenham mantido por longos anos. Parece ser este o caso do autor que estudamos [Rodrigo Eanes Redondo] e o do seu irmão Pedro Anes, ambos presentes na corte de D. Sancho IV de Castela por volta de meados da década de oitenta (Gaibrois Ballesteros, 1922-1928, I, 52-53, CLXXI). Note-se, por outro lado, que Rodrigo Anes casou com Mor Fernandes Curutela, filha de Fernão Martins Curutelo, um dos cavaleiros que acompanhou D. Sancho II no seu exílio castelhano, figurando no testamento deste rei².

Non se sabe con exactitude o tempo que Rodrigo Eanes permaneceu en Castela despois de morto Sancho II, mais aparece instalado de novo en Portugal, en Santarém,

¹ Este traballo inscríbese no Proxecto de Investigación Coordinado *Cancioneiros galego-portugueses. Edición crítica e estudo (en formato impreso e electrónico)*. Subproxecto UDC: *As cantigas de segundo cancionero aristocrático galego-portugues* (PGIDIT06CSC20401PR), subsidiado pola Dirección Xeral de Innovación Tecnolóxica da Consellería de Industria da Xunta de Galicia.

² Cf. Oliveira (1994: 429).

despois de 1290. A partir de aquí, a súa presenza na corte rexia está esporadicamente documentada até 1311. Resende de Oliveira supón que non tardaría xa en morrer e data nese ano o seu pasamento. O seu cancionero (sen contarmos o escarño en cuestión) está composto por cinco cantigas de amor e unha cantiga de amigo, copiadas todas na primeira sección dos Cancioneiros e só recollidas por B. A súa ausencia no *Cancioneiro da Ajuda* e o feito de que a cantiga de amigo figure na sección das de amor levou a Resende de Oliveira a considerar que a súa inclusión nos Cancioneiros debeu ser tardía:

Embora seja já mencionado num documento de 1232, este trovador ainda se mantém activo em 1311, devendo, conseqüentemente, ter sido incluído tardiamente nas compilações colectivas³.

Se atendermos ao segundo trovador a quen se atribúe a nosa cantiga, podemos dicir que os datos biográficos de Fernan Rodriguez Redondo de que dispomos comezan no testamento do bispo de Porto, ditado entre 1296 e 1300, e volve a estar documentado no ano 1312, cando aparece como meiriño-mor do rei Don Dinis, cargo en que se vai manter, polo menos, seis anos, até 1318. A ausencia de datos sobre el na segunda metade do século XIII é atribuída por Resende de Oliveira a que non estivo en Portugal, que marcharía co pai acompañando a Sancho II no desterro:

A ausência de elementos sobre a súa trajectória em Portugal na segunda metade do século XIII pode ter-se ficado a dever à sua ausência do reino. Segundo a rubrica que acompanha a cantiga de escárnio *Don Pedro est cunhado del-Rei*, atribuída por ambos os cancioneros a este autor, Fernão Rodrigues teria sido mordomo de D. Pedro de Aragão por volta de 1297, ano em que D. Pedro se estabeleceu em Portugal. (CA, II, 384)⁴

O cancionero de Fernan Rodriguez redúcese a dúas cantigas de escarño e mal-dizer e mais á primeira cobra dunha tenzón. A primeira sería a cantiga que estamos analizando e a segunda a que comeza con *Don Pedro ést[e] cunhado d'el-Rei* (B 1614), atribuída nos dous Cancioneiros a Fernan Rodriguez, e que vai seguida por unha glosa explicativa que encaixa perfectamente no perfil biográfico que lle supón Resende de Oliveira: o trovador compoñería o escarño durante a súa estadía na corte de Pedro de Aragón, co cargo de mordomo.

Tanto en B como en V, despois da glosa explicativa da cantiga anterior, aparece a primeira cobra dunha suposta tenzón, *Pero da Ponte, ou eu non vejo ben* (B 1615/V 1148) cuxa atribución tamén está en cuestión, xa que, para Rodrigues Lapa, por exemplo, o autor sería Afonso Eanes de Coton (Lapa, 1979: 86). O copista de B deixou en branco o espazo que correspondería ás cobras que faltan. Para completar o cadro de dúbidas sobre a transmisión desta parte dos Cancioneiros, a seguir está copiada a cantiga *A min dan preç', e non é desguisado* (B 1616), atribuída a Afonso Eanes de Coton, da cal só foron copiados oito versos, e despois dos cales o coidadoso copista de B deixou varios folios en branco. Estamos, por tanto, nun caderno do códice que presenta serios problema de copia e interpretación.

³ Cf. Oliveira (1994: 94).

⁴ Cf. Oliveira (1994: 345).

A pesar diso, baseándose en que Fernan Rodriguez Redondo está documentado entre os anos 1297 e 1320, e en que está representado nos Cancioneiros quiñentistas unicamente con cantiga(s) de escarño e maldicir, Resende de Oliveira considera que a súa obra está correctamente inserida, porque entraría nas compilacións ao tempo de as producir:

De acordo com esta colocação a sua inserção pode ter-se verificado nos fins do sec. XIII ou primeira metade do século seguinte. Neste contexto, a sua obra pode ter sido produzida sensivelmente no mesmo período, embora a associação entre colocação e cronologia não seja tão segura na zona dos cancioneros em que se situa este autor⁵.

Canto á atribución da cantiga en cuestión, seguindo a proposta de B, Resende de Oliveira opta pola súa atribución ao máis novo dos trovadores, a Fernan Rodriguez Redondo, e xustifica a súa escolla apelando a que o copista do caderno de B en que está a cantiga foi recoñecido por Ana Ferrari (1979: 24-142) como un perfeccionista, para alén de que tamén D'Heur optara por esa atribución, e así declara:

Optamos, na sequência de Jean-Marie D'Heur, pela atribuição de B, cuja cópia parece ter sido máis cuidada: transcrição pelo copista, das rubricas no fim das composições a que dizem respeito, reserva de espaço em branco no caso das cantigas incompletas, etc.⁶.

Por contra, Manuel Rodrigues Lapa optara pola atribución a Rodrigo Eanes Redondo, como figura en V, e como propuxera Carolina Michaëlis:

A cantiga anda no CBN atribuída a Fernão Rodrigues Redondo e no CBV a Rodrigo Eanes Redondo que era pai daquele. Colocamo-la, na esteira de Car. Michaëlis, no espólio do segundo, mas sem nenhuma certeza de não falhar: não há na cantiga elementos que permitam fixar-lhe uma autoria dessas, salvo o nome daquele Sueiro Fernandes, que não se sabe quem era⁷.

Resulta evidente que a partir dos cancioneros quiñentistas nada máis se podería avanzar, e que tanto se podería atribuír a un como a outro; haberá que tentar, por tanto, a localización a partir do contido da propia cantiga:

Suer Fernandiz, si vej' a plazer,
veste-se ben, a todo seu poder;
e outra cousa lhe vejo fazer,
que fazem outros poucos no reinado:
sempre en verão lhe vejo trager,
e no inverno, çapato dourado.

El se veste e se calça mui ben;
en esto mete el o mais do que ten,
pero nunca lhe vejo menguar ren;
e, como se todo ouvesse en doado,

⁵ Cf. Oliveira (1994: 344).

⁶ Cf. Oliveira (1994: 344).

⁷ Cf. Lapa (1970: 599).

u outros non tragen, a el conven
que traga sempre çapato dourado.

El se veste sempre ben como quer,
e des i, custe o que custar poder,
e non creades quen vos al disser;
e desto mi faço maravilhado:
ca, en inverno e per qual tempo quer,
sempre lhe vejo çapato dourado.

Sobre a identidade da personaxe escarnecida, Sueiro Fernandes, Carolina Michaëlis afirmaba: «Um caballeiro d'este nome figura como testemunha do bispo eleito da Guarda, o celebre Mestre Vicente, no acto da povoação e aforamento de Alter-do-Chão (1232 Suerius Fernandi), mas não posso provar se é a elle que Rodrigo'Eannes se refere»⁸.

Pola súa parte, Videira Lopes considera que Sueiro Fernandez podería ser o cabaleiro citado entre os compañeiros do Conde de Bolonha, o futuro rei Afonso III, no asalto a Santarém, no *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro* (LL 68A3)⁹ e, a pesar de que recoñece que esta identificación, por razóns cronolóxicas, consolidaría a atribución a Rodrigo Eanes, opta por incluír a cantiga no breve cancionero de Fernan Rodriguez Redondo coa seguinte argumentación: «Como em geral as atribuições de B são mais fiáveis, sigo a sua indicação, que coincide com a opinião actual dos especialistas»¹⁰. Imaxinamos que, cando fala dos especialistas actuais, está a se referir a A. Resende de Oliveira, xa que outros investigadores, como M. A. Ramos, a quen se debe a entrada «Fernan Rodriguez Redondo» no *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, non se decantou por ningunha atribución¹¹.

A identificación de Sueiro Fernandez como un dos cabaleiros de Afonso III encaixa cronoloxicamente con que sexa o mesmo cabaleiro que documenta Michaëlis asinando como testemuña do bispo da Guarda, que tamén coincidiría nas súas actividades coas sucesivas regulamentacións de Afonso X de Castela destinadas a limitar os gastos suntuarios (o Ordenamento das Cortes celebradas en Valladolid en 1258, que, en grande medida, repetía o dado para a cidade de Sevilla dous anos antes) e, sobre todo, coincide co feito de que Afonso III de Portugal reproduciu poucos meses despois estes ordenamentos nas Cortes de Santarém.

Nesta lexislación, os *çapatos dourados* sufriron unha restritiva regulamentación que os transformaba nun dos obxectos de luxo identificadores dos estamentos nobiliares. Na nosa opinión, a insistencia sobre o uso contínuo, e fóra de tempo, deses *çapatos dourados* non é só unha burla ao 'pelintra' de que falaba Lapa, nin estaría motivada, como parece crer Videira Lopes, en que o tal cabaleiro Sueiro Fernandez «não teria outros»¹², porque o uso de tecidos en que interviñesen os metais preciosos era, na Europa da época, algo extraordinario. Juan Sempere Guarinos, no século XVIII, ex-

⁸ Cf. Michaëlis (1990: 387).

⁹ Cf. Mattoso (1980: 156).

¹⁰ Cf. Lopes (2002: 531).

¹¹ Cf. Lanciani e Tavani (2000: 263).

¹² Cf. Lopes (2002: 531).

plicaba aos seus contemporáneos o grao de riqueza e ostentación a que se chegara nas cortes peninsulares, exemplificando co que significaba o uso de roupas de ouro e prata:

Por estas leyes suntuarias de D. Alonso X, se puede venir en conocimiento del gran lujo que havia entonces en España. Si se coteja con el de estos últimos tiempos, acaso se tendrá por muy moderado: mas atendiendo al estado en que estaba entonces generalmente la Europa, debe creerse que era muy exôbitante. En las ordenanzas de Francia no se hace mencion de telas de oro, y plata, hasta el reynado de Carlos VIII en 1485; y en nuestro pais se vieron ya prohibidas en 1234, por D. Jaime I de Aragon, y en 1252, y 1258, por D. Alonso el Sabio¹³.

Por iso coidamos que a insistencia no uso desproporcionado e inadecuado deses *çapatos dourados*, que fan ostentación de liñaxe e riqueza, serven ao trovador para poñer en evidencia que a segunda cualidade, a riqueza, foi obtida de forma non honorábel, en referencia ao matrimonio desigual que, segundo o *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro*, realizou Sueiro Fernandes ao casar com Sancha Martiiz, filla dun burgués, un cidadán de Lisboa, Domingos Martiiz, que foi enforcado por Afonso III «em ùu moinho» (LL 68F5)¹⁴. Estaríamos, por tanto, perante un deses casamentos en que un cabaleiro sen recursos consegue os medios económicos de que, dado o sistema liñaxístico, carecería por herdanza.

Admitindo a identificación de Sueiro Fernandez, a autoría da cantiga, por razóns cronolóxicas, debe ser atribuída a Rodrigo Eanes Redondo, tal como intuía dona Carolina Michaëlis e apoiara Manuel Rodrigues Lapa. O trovador aristócrata, na altura partidario de Sancho II, fai escarnio do cabaleiro que, ademais de ser inimigo político, se deshonorou cun casamento ruín, e agora, coas novas ordes reais, ve limitada a exhibición da súa riqueza, polo que exprime ao máximo o que esa lei lle permite. Os *çapatos dourados* usados en todo o tempo e lugar son ese obxecto *kitsch* que marca o exhibicionismo deste «proletario nobre», na terminoloxía de Fossier, que chegou a novo rico-home. Sueiro Fernandez formaría parte desa nobreza de segunda que substituíu á vella aristocracia e que foi da que se nutriu, en principio, o exército do Conde de Bolonha, futuro Afonso III, na guerra con que derrocou o seu irmán, Sancho II.

BIBLIOGRAFIA

- Ferrari, Ana: «Formazioni e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisboa (Cod. 10991: Colocci-Brancuti)», in *Arquivos do Centro Cultural Português*, XIV, París, 1979, pp. 24-142.
- Lanciani e G. Tavani (org.): *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Caminho, 2000, 2ª ed.
- Lapa, M. Rodrigues: *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portuguesas*, Vigo, Galaxia, 1970, 2ª edición, revista e acrescentada.
- Lopes, G. Videira: *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis galego-Portugueses. Edição de...*, Lisboa, Estampa, 2002.

¹³ Cf. Sempere (1973: 97).

¹⁴ Cf. Mattoso (1980: 158).

- Mattoso, José: *Livro de Linhagens do Conde D. Pedro. Edição crítica por...*, Lisboa, Publicações do II Centenário da Academia das Ciências, 1980.
- Michaëlis de Vasconcelos, Carolina (ed.): *Cancioneiro da Ajuda*, edição crítica, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990 (reimpressão da edição de Halle [1904] acrescentada de um prefácio de Ivo Castro e do glossário das cantigas [*Revista Lusitana*, XXIII]).
- Oliveira, A. Resende de: *Depois do Espectáculo Trovadoresco. A Estrutura dos Cancioneiros Peninsulares e as Recolhas dos Séculos XIII e XIV*, Lisboa, Colibrí, 1994.
- Sempere y Guarinos, J.: *Historia del lujo. Y de las leyes suntuarias de España*, Madrid, Ediciones Atlas, 1973, 2 vols. (edición facsimilar da publicada en Madrid, na Imprenta Real, en 1788).